

PEZA DO MES

xaneiro

2005



CARICATURA DE RISCO
POR CASTELAO



VICENTE RISCO, VISTO POR CASTELAO

CARICATURA DE RISCO POR CASTELAO



AUTOCARICATURA. CASTELAO. 1917

ALFONSO DANIEL MANUEL RODRÍGUEZ CASTELAO (CABO DA VILA, RIANXO, A CORUÑA, 1886 - BOS AIRES, 1950)

TINTA SOBRE CARTULINA

15,5 x 20 CM

ASINADO NA PARTE SUPERIOR ESQUERDA: "CASTELÃO"

Nº INV. Dx 462

"O CARICATURISTA É UN ARTISTA CONSCENTE E O ARTE MEIRANDE É O DA CARICATURA. NON PERMITO REPAROS A ISTA AFIRMACIÓN, PORQUE O QUE DIGO É O QUE SINTO, E SENTIR VAL MAIS QUE CREER".

CASTELAO, A CARICATURA

Esta é unha das diversas caricaturas que Castelao lle fixo a Risco ao longo da súa amizade, a primeira das cales se ten constancia que data do ano 1919. Escasos trazos de pluma conforman a súa figuración, singularizada por unha liña continua e fluída sobre soporte liso que resalta no contraste do branco sobre o negro que, neste caso, serve de fondo. Tal como

pensaba Castelao: "*A caricatura non consiste en esaxerar os rasgos, senón en facer selección dos esencialmente expresivos e estudar a fondo o modelo real*". Isto mesmo plásmasenos nesta obra; con rasgos sumarios como son as cellas curvadas e a ollada profunda, marcada máis, se cabe, polos cristais dos anteollos, fai un verdadeiro retrato psicolóxico do personaxe, no que se conxuga a disparidade entre o corpo e a alma, entre a fragilidade corporal dun ser enxuto, miúdo e tímido e a fortaleza e a constancia da enerxía espiritual dun home culto e intelixente, reflectida coa postura da man dereita, erguida en xesto de orador, xa que as mans que debuxa Castelao teñen sempre unha carga expresiva transcendente.

A súa produción caricaturesca comenza de forma autodidacta cando estudaba Medicina na Universidade compostelá e retrataba aos catedráticos, feito polo que acadou sona no círculo estudantil. Entre 1910 e 1915 pronuncia en diferentes lugares (Vigo, Ourense, Madrid, Pontevedra) a famosa conferencia *Algo acerca da caricatura* que se publica en



CARICATURA DE VICENTE RISCO, VISTO POR CASTELAO

Pontevedra. Fai varias exposicións e publica as súas obras en revistas e xornais: *Vida Gallega*, *Mi Tierra*, *El Liberal*, *El Parlamentario*, *El Sol* ou no semanario de Rianxo *El Barbero Municipal*, onde retrataba aos políticos e caciques locais. Pero os contidos destas primeiras obras acostuman a ser política e socialmente neutros, de estética decorativista e dun humorismo costumista. O ingreso nas *Irmandades da Fala* supón nel a conversión ao nacionalismo e unha evolución artística. En 1920 nace en Ourense a revista *Nós* sendo Vicente Risco o director literario e Castelao o director artístico. Con motivo da exposición dos debuxos do *Álbum Nós* pronuncia a conferencia *Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura*, publicada na revista *A Nosa Terra*, e que escomeza decindo: “Chámase decote caricatura a todo dibuxo humorístico; mais eu teño á caricatura por cousa moi diferente do que é o dibuxo humorístico. Cicais poida serse caricaturista sen ser humorista. A caricatura é un xeito novo de deseño: un Arte que nasceu en Munich á medeados do século derradeiro. En troques pode serse debuxante humorista sen acollerse á técnica nova nin tan siquiera ó impresionismo da liña...”. Defínea como “a abreviatura do dibuxo” pois basándose na simplicidade, escolle os rasgos esencialmente expresivos e suprime todo o auxiliar e accesorio. “Unha caricatura debe facerse despreciando isa beleza convencional que ten por defeutos moitos elemen-

*tos d'eispresión que, ó mellor, reflexan unha bela calidade psicolóxica; debe copiarse a actitude e a eispresión d'un intre psicolóxico, a súa idiosincrasia, cando se poida; e todo iso coa mais pequena cantidade de liñas, as indispensables para que se comprenda a eispresión”. A finalidade sería a caracterización psicolóxica, por elo chamouse a sí mesmo *caricato* e deixou-nos abundantes mostras da súa mestría en retratos de: Valle-Inclán, Benavente, Pardo Bazán, Rey Soto, Fernández Flórez, Manuel Murguía, Ramón Cabanillas, Basilio Álvarez, Xesús Corredoira e moitos outros.*

Debuxa, con exquisita sensibilidade e perfecto dominio técnico, *Cousas e Cincoenta homes por dez reás* e as coleccións *Galicia Mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*. Descubrimos na plástica da súa obra a influencia dalgúns grandes mestres do debuxo e a caricatura: Goya, Forain, Raemaker, Hengeler... pois a temática e froito das súas vivencias pessoais e da realidade galega do seu tempo.

A arte de Castelao é revolucionaria, tanto no concepto e no contido como polo medio expresivo que emprega, a caricatura. Estes debuxos constitúen o modo de expresión plástica fundamental de Castelao pola súa utilidade social, xa que a arte debe contribuir ao desenvolvemento da conciencia humana e ao melloramento da orde social. Busca o progreso do pobo traballador, o autogoberno democrático do seu país e a normalización social da língua e da cultura galegas. O labor desenvolvido por intelectuais como Risco, Otero Pedrayo, Villar Ponte ou Castelao foi decisiva na definición de Galicia como suxeito político nacional. En palabras do noso Vicente Risco: “*Ti dis: Galicia é un país pequeno. Eu digo: Galicia é un mundo*”.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xílgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.


TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO